



**Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o
Concellos de Bande e de Muíños para a execución do proxecto denominado Brigada de
protección e mantemento dos espazos naturais**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar cos Concellos de Bande e de Muíños un convenio de cooperación para a execución do proxecto denominado Brigada de protección e mantemento dos espazos naturais.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estivera destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrancia non competitiva e da liña en concorrancia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concellos de Bande e de Muíños o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2017.





4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e os Concellos de Bande e de Muíños para a execución do proxecto denominado Brigada de protección e mantemento dos espazos naturais.

5. Fundamentos do convenio

O Concellos de Bande e de Muíños expuxeron a necesidade de acometer o proxecto denominado Brigada de protección e mantemento dos espazos naturais, que ten como obxecto manter unha brigada de protección e mantemento de espazos naturais que responda ás singularidades e necesidades de ambos concellos.

O Concello de Bande conta cunha extensión de 99,4 km², pertence a comarca da Baixa Limia, limita con Muíños, o cal conta con una extensión duns 109,7 km². Ambos os concellos contan cun gran patrimonio arqueolóxico, pero sobre todo cunha enorme riqueza ambiental e paisaxística compartida por ambos concellos, dos que son exemplo destacado o Parque Natural Baixa Limia-Xurés ou o propio contorno do río Limia, que separa os dous concellos. Estas circunstancias converten o turismo que no pilar do desenvolvemento socioeconómico destes concellos, referentes turísticos na provincia de Ourense, con especial incidencia na tempada de verán, momento en que numerosos visitantes achéganse para desfrutar dos paraxes naturais citados.

Estas circunstancias fan que os Concellos de Bande e Muíños deban realizar un especial esforzo mantido ao longo do ano para a protección e o mantemento destes espazos naturais, que se acentúa durante a tempada de verán, época na que os esforzos de mantemento deben intensificarse para contribuír na prevención de incendios forestais.

Ambas as ribeiras do encoro das Conchas encóntranse na actualidade degradadas e contaminadas por vertidos de lixo (plásticos, derrames de gasóleo, pesticidas, ...), o que, alén da destrución constitúe un perigo potencial para a zona que pode ocasionar a degradación do contorno natural, a contaminación do río e a aparición de incendios forestais.

Os concellos de Bande e Muíños contan con vehículos e con recursos materiais necesarios para levar a cabo as tarefas de protección e mantemento destes espazos naturais. Sen embargo non conta cos medios persoais necesarios para facer fronte ás actuacións necesarias, polo que solicitan a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a colaboración para o mantemento dunha brigada de protección e mantemento de espazos naturais formada por seis traballadores, durante un período de tres meses e unha semana, que compartirían os concellos de Bande e Muíños, para levar a cabo as tarefas necesarias que permitan acadar os obxectivos de protección do ambiente e do espazo natural e da recuperación dun espazo natural degradado, asemade obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental recollidos no artigo 4 da Orde do 30 de decembro de 2016.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades dos concellos de Bande e Muíños para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada ambiental, que constitúe o obxecto desta subvención.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor dos Concellos de Bande e Muíños.





6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA E OITO MIL EUROS (38.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017
A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

